

TR301K - Accións formativas para o emprego dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.

Convocatoria 2021 En prazo: 03/05/2021 - 03/06/2021

Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerán, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto as convocatorias públicas como a execución das accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, xestionadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, a través das súas xefaturas territoriais (procedemento TR301K).

Tamén poderán participar nas referidas accións formativas aqueles colectivos que para tales efectos se determinan no artigo 32 da orde.

2. As bases reguladoras terán vixencia temporal para o período 2021-2023.

Así mesmo, coa publicación desta orde realízase a súa primeira convocatoria para o período 2021-2022.

3. Para o exercicio das funcións que lle corresponden segundo estas bases reguladoras, as xefaturas territoriais poderán actuar a través das unidades administrativas competentes en materia de formación profesional para o emprego, das oficinas de emprego e dos centros de formación profesional para o emprego adscritos a elas.

4. As convocatorias das subvencións previstas nesta norma realizaranse mediante réxime de concorrencia competitiva e regularán, con relación aos exercicios orzamentarios que referencien e respectando o disposto nesta orde de bases reguladoras, aspectos do financiamento e da execución das accións formativas que se subvencionen.

Programación e financiamento. Reservas de crédito .

As accións formativas para as cales se pode solicitar financiamento mediante subvención son as da modalidade de programación da oferta formativa para persoas traballadoras desempregadas, en que poderán participar as entidades a que se refire o artigo 3.

Poderán ser obxecto de financiamento aquelas especialidades formativas que se determinen no anexo II de cada convocatoria, así como os módulos transversais e complementarios que se impartan asociados a estas.

Cada convocatoria, ademais de cumprir o que ao respecto dispón o capítulo IV da presente orde, especificará as accións formativas que se consideran prioritarias, o financiamento e as reservas de crédito que, de ser o caso, se establezan para determinadas accións formativas que se detallarán no correspondente anexo, e fixará, de ser o caso, o número límite de edicións de accións

formativas que se financien por centro e/ou entidade de formación, así como o modelo de formulario de solicitude para os efectos informativos e as listaxes de especialidades formativas que se conteñan nos anexos que repercuten no procedemento de valoración recollido nos artigos 9 e 10 desta orde.

Ler máis Ler menos

A quen vai dirixido?

Poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións a que se refiren estas bases as entidades que, na data de entrada en vigor da correspondente convocatoria, sexan titulares de centros ou entidades de formación acreditados e/ou inscritos para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral da Comunidade Autónoma de Galicia naquelas especialidades formativas para as cales soliciten subvención, xa sexa na modalidade presencial, de teleformación ou mixta.

As entidades deberán dispor, no ámbito territorial de Galicia, das instalacións debidamente acreditadas e/ou inscritas que permitan a impartición das accións formativas solicitadas.

Así mesmo, os centros presenciais vencellados a entidades acreditadas e/ou inscritas para impartir especialidades formativas na modalidade de teleformación deberán estar homologados na correspondente especialidade na data de entrada en vigor da convocatoria e localizados na Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que a convocatoria o recolla, poderase impartir formación «á porta». Para estes efectos, entenderase como tal a realización de accións formativas a través de centros móbiles e/ou homologacións provisionais naqueles concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que non contén con centros acreditados ou inscritos.

Obrigas das entidades beneficiarias .

Ademais das obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e das establecidas con carácter xeral para todos os centros e entidades de formación no artigo 7 do Decreto 106/2011, do 19 de maio, e sen prexuízo das obrigas establecidas na Lei 30/2015, do 9 de setembro, no Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, e no artigo 9 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, as entidades beneficiarias das axudas deberán:

1. Requerir de cada persoa alumna, definida de conformidade co disposto no artigo 32, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá archivarase separadamente por cada curso:

a) DNI.

b) Ficha individual.

c) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso para realizar a formación correspondente.

- d) Documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais, de ser o caso.
- e) Documentación acreditativa necesaria para a exención dun módulo formativo ou dun módulo transversal, de ser o caso.
- f) Documento informativo sobre dereitos e deberes para entregar ao alumnado debidamente asinado.

Para os efectos de posibles notificacións, envío de diplomas ou remisión de certificados emitidos por solicitude da persoa interesada, a ficha individual deberá incluír para a súa incorporación na aplicación informática de SIFO o enderezo de correo electrónico das persoas participantes na actividade formativa.

No caso de que existan alumnos ou alumnas que non cumpran os requisitos exixidos de acceso ao curso, non se lles emitirá diploma ao finalizar a formación e, no proceso de liquidación da subvención, realizarase unha minoración proporcional ao número de alumnos ou alumnas que os incumpran.

2. Como mínimo sete días hábiles antes do inicio do curso, introduciranse na aplicación informática SIFO os seguintes datos da ficha de inicio:

- a) Programa completo, agás naquelas especialidades que teñen programación modular.
- b) Enderezo completo do centro.
- c) Os instrumentos de avaliación válidos e fiables, cun sistema de puntuación e corrección obxectivo.
- d) A relación de persoal docente que vai impartir o curso coa relación dos módulos que impartirá cada un deles, facendo constar a súa formación metodolóxica e a documentación acreditativa da súa formación e experiencia cando esta non estea en poder da Consellería de Emprego e Igualdade.
- e) A identificación do persoal de preparación de clases e titorías para o reforzo formativo e a impartición da docencia.
- f) A identificación do persoal que asuma as tarefas de administración e dirección estritamente necesarias para a preparación, xestión e execución da acción formativa.
- g) Dixitalmente, a través dos medios electrónicos a que se refire o artigo 4, facilitar á xefatura territorial correspondente a planificación temporal da acción formativa, que, no caso de especialidades de estrutura modular, deberá detallarse para cada un dos módulos do curso, incluídos os transversais, con indicación da previsión das visitas didácticas ao longo do curso.
- h) No caso de accións formativas vinculadas a certificados de profesionalidade:

- Ratificación do compromiso de subscribir convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluídas no certificado de profesionalidade.
 - Planificación didáctica, elaborada segundo o anexo III da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.
 - Programación didáctica de cada módulo formativo e, se é o caso, unidades formativas, utilizada como guía de aprendizaxe e avaliación, elaborada segundo o anexo IV da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.
 - Planificación da avaliación, cuberta de acordo co anexo V da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.
- i) O seguro de accidentes das persoas participantes.
- j) Indicación expresa e coincidente co manifestado na solicitude e ficha de curso (anexos VII e VIII), sobre que contidos e/ou módulos que compoñen a acción formativa se van impartir en presencial, teleformación ou, de ser o caso, a través de aula virtual, con información da súa duración, datas de realización e calendario de sesións presenciais.
- k) As claves de acceso á correspondente plataforma informática e/ou aula virtual, se é o caso, para os efectos de seguimento e control do desenvolvemento do curso.

As claves de acceso á plataforma de teleformación deberán permitir a conexión con perfil de administrador, titor-formador ou alumno.

Cada módulo formativo do certificado de profesionalidade que se vai realizar na modalidade presencial poderá ser impartido, como máximo, por dúas persoas formadoras, que deberán cumprir cos requisitos que para cada módulo formativo se establezan no real decreto que regule o correspondente certificado de profesionalidade.

Toda persoa que fose validada como formadora por unha unidade administrativa dunha Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego para impartir unha determinada especialidade ou módulo formativo, vinculado ou non á obtención dun certificado de profesionalidade, entenderase que cumpre cos requisitos para impartilo, na modalidade para a cal foi validada, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e durante o período que se determine en cada unha das convocatorias.

As persoas responsables da titorización-formación que impartan formación na modalidade de teleformación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos de formación requiridos para cada especialidade e posuír experiencia verificable nesta modalidade, e desempeñarán, como mínimo, as funcións establecidas no artigo 17.2 da Orde TMS/368/2019.

Para acreditar a experiencia na modalidade de teleformación e na utilización das tecnoloxías da información e comunicación exixíranse, cando menos, 60 horas de impartición nesta modalidade.

As persoas docentes encargadas da impartición do módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero, e seranlles de aplicación os mesmos criterios de equiparación da acreditación que se establecen no parágrafo anterior para as persoas docentes que impartan módulos dos certificados de profesionalidade.

O persoal formador que imparta o resto de módulos transversais que se relacionan no artigo 36 deberán tamén cumprir os requisitos docentes de titulación, experiencia profesional e capacitación docente que lles sexan de aplicación.

3. O día de inicio de cada curso introducirase no sistema informático SIFO, para coñecemento da xefatura territorial competente, a seguinte documentación:

- a) Certificación xustificativa do comezo do curso e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados no número 2 deste artigo.
- b) As datas de inicio e remate do curso, así como o horario de impartición.
- c) O enderezo completo do lugar de impartición.

4. Nos 5 días lectivos seguintes ao de inicio do curso, deberán incorporarse á aplicación SIFO os DNI do alumnado participante.

Esta obriga de remisión entenderase referida ao día de comezo da acción formativa ou, de ser o caso, do da incorporación da persoa participante á actividade.

5. Introduciranse mensualmente no sistema informático SIFO os partes diarios de asistencia asinados polo alumnado e persoal docente ou, de impartirse a formación mediante aula virtual, os partes diarios de conexións.

Este documento deberá ser o xerado pola aplicación informática SIFO, logo de completar a información necesaria, e deberán archivarase os orixinais asinados separadamente por cada curso.

6. No prazo dun mes desde o remate de cada curso, e respectando os límites máis restritivos que poida impor cada convocatoria, deberase:

- a) Completar a información relativa á finalización do curso na aplicación SIFO.
- b) Proceder á xustificación do curso, nos termos recollidos no artigo 22.

7. Como complemento aos anteriores puntos, no momento da solicitude de persoas candidatas á oficina de emprego a entidade beneficiaria deberalle facilitar á oficina de emprego as datas de inicio e de finalización da acción formativa que se deberán introducir na aplicación informática SIFO.

Ler máis Ler menos

Requisitos

1. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde aquelas nas cales concorran algunhas das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 6.7 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo.

A xustificación por parte das entidades solicitantes de non estar incurso en ningunha das anteditas circunstancias realizarase mediante unha declaración responsable, que deberá incluírse no modelo de solicitude que se contén no anexo VII de cada convocatoria, cuxo contido deberá respectar o que establece o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como referirse á capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, e de aulas, talleres e instalacións en xeral, para asumir a xestión da totalidade dos cursos que solicita, que dispón da documentación que acredita tal cumprimento e que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito.

2. Coa finalidade de garantir o cumprimento das exixencias deste artigo, as aplicacións informáticas de Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o emprego e SIFO contarán con controis específicos que permitan detectar posibles incumprimentos.

Así mesmo, poderán realizarse comprobacións por mostra estatística durante calquera das fases do procedemento por parte do persoal técnico das xefaturas territoriais ou do Servizo de Verificación de Fondos da Consellería de Emprego e Igualdade, das cales poderán derivar, de ser o caso, as consecuencias sinaladas no artigo 5.2 para os supostos de falseamento do contido das declaracións responsables.

De ser o caso, estas actuacións de comprobación poderán efectuarse a través dunha entidade contratada para o efecto.

3. Será requisito para conceder subvencións a entidades locais titulares de entidades ou centros de formación que teñan cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Ler máis Ler menos

A onde acudir

Xunta de Galicia Consellería de Emprego e Igualdade
Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña
Servizo de Formación e Colocación da Coruña

Avda. Salvador de Madariaga, 9-1º

15008 Coruña, A (Coruña, A)

Teléfono: 881881564

Fax: 881881576

Xunta de Galicia Consellería de Emprego e Igualdade
Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Lugo
Servizo de Formación e Colocación de Lugo

Ronda da Muralla, 70 27071 LUGO

27071 Lugo (Lugo)

Teléfono: 982294887

Fax: 982294282

Xunta de Galicia Consellería de Emprego e Igualdade
Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Ourense
Servizo de Formación e Colocación de Ourense

R/ Curros Enríquez, 1-4º

32071 Ourense (Ourense)

Teléfono: 988386103 / 988386104

Fax: 988386829

Xunta de Galicia Consellería de Emprego e Igualdade
Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Pontevedra (Vigo)
Servizo de Formación e Colocación de Vigo

Avda. Fernández Ladreda, 43-5º

36071 Pontevedra (Pontevedra)

Teléfono: 986817065

Fax: 986817010

Ler máis Ler menos

Órgano responsable

Dirección Xeral de Formación e Colocación

Normativa

Ámbito Autonómico

Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (DOG nº 81 do 30 de abril de 2021).

Extracto da Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (DOG nº 81 do 30 de abril de 2021).

Prazo

Prazo de presentación: ABERTO

03/05/2021 - 03/06/2021

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día da entrada en vigor da orde.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa entrada en vigor. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Disposición derradeira segunda da Orde do 16 de abril de 2021 (DOG nº 81 do 30 de abril de 2021). Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día hábil seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Documentación para a presentación

Forma e lugar de presentación das solicitudes e da documentación complementaria .

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na aplicación SIFO, anexo VII, accesible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal> ou no enderezo directo <https://emprego.xunta.es/sifo-solicitudes>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude ou a documentación presencialmente, será requirida para que a emende mediante a súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados nas bases reguladoras e/ou na correspondente convocatoria, ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

2. As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial en cuxa provincia se imparta a correspondente acción formativa.

No suposto de que a formación se imparta na modalidade mixta ou de teleformación, a solicitude deberá dirixirse á xefatura territorial da provincia en que estea localizado o centro en que se impartirá a parte presencial da acción formativa.

Cada entidade de formación só poderá formular un máximo dunha solicitude en cada unha das provincias do territorio galego, e incluíra nela, dentro da súa capacidade real de execución e con respecto aos límites e requisitos que se determinan nas bases reguladoras e na correspondente convocatoria, todas e cada unha das accións formativas para as cales solicita subvención nos correspondentes centros de cada provincia.

Para os posibles efectos de desempate, as accións formativas para as cales se solicita subvención deberán ir ordenadas en función da prioridade de impartición que lles outorgue a entidade solicitante, de xeito que os centros que se consideren prioritarios figuren en primeiro lugar na solicitude e que, dentro de cada centro, as accións formativas se ordenen tamén de maior a menor priorización.

Para cada número de censo poderase solicitar, como máximo, o número de edicións por especialidade que, de ser o caso, se determinen na correspondente convocatoria, na cal tamén poderán indicarse excepcións ao dito límite.

Na modalidade presencial e na parte presencial da modalidade de teleformación ou mixta, no caso de que se solicite impartir máis dunha especialidade por aula, deberá manifestarse expresamente na declaración responsable que, de acordo co disposto no artigo 5.3 do Decreto 106/2011, do 19 de maio, polo que se crea o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o emprego e se regula o procedementos para a súa inscrición e, de ser o caso, a acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, a aula dispón dos medios exixidos e cumpre cos requisitos establecidos para impartir as especialidades solicitadas.

3. A solicitude deberá presentarse xunto coa documentación complementaria indicada no artigo 6 desta orde.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

A documentación complementaria, tanto a presentada na solicitude como noutras fases do procedemento, achegarase electronicamente mediante a presentación do documento orixinal, de se tratar dun documento dixital, ou da imaxe electrónica do documento orixinal, de se tratar dun documento en papel. Neste último caso, a imaxe electrónica adaptarase ao previsto do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, e na Resolución do 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade de dixitalización de documentos.

5. As imaxes electrónicas aplicarán os formatos establecidos para ficheiros de imaxe na Norma técnica de interoperabilidade do catálogo de estándares; o nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por polgada, tanto para as imaxes obtidas en branco e negro, cor ou gradación de grises; a imaxe electrónica será fiel ao documento orixe (respectará a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións, non conterá caracteres ou gráficos que non figurasen no documento de orixe e a súa xeración realizarase por un medio fotoeléctrico).

As imaxes electrónicas que acheguen as entidades interesadas ao procedemento administrativo terán eficacia, exclusivamente, no ámbito da actividade das administracións públicas.

As imaxes electrónicas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para estes efectos, a entidade interesada deberá conservar o documento orixinal durante un prazo de 5 anos desde a presentación da imaxe electrónica.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior.

A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

7. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

Declaración responsable que forma parte da solicitude .

1. Forma parte da solicitude a declaración responsable que se contén nela e na cal se farán constar os aspectos seguintes:

a) Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- De se solicitaren e/ou concederen outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, deberán relacionarse estas.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

c) Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 6.7 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo.

e) Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Que os lugares e modalidades de impartición das accións formativas serán aqueles para os cales están inscritas ou acreditadas para tal fin, nos termos do artigo 15 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, e do artigo 6 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, e que son aptos e cumpren e manterán as condicións e requisitos que exige a normativa aplicable á correspondente especialidade formativa, concretamente, a obriga de impartir a formación nos espazos e cos medios formativos acreditados e/ou inscritos para tal fin, así como a de manter as exixencias técnico-pedagóxicas, de instalacións, equipamento e medios humanos e tecnolóxicos tidos en conta para a acreditación ou inscrición da especialidade.

g) Que coñece as estipulacións da presente orde, que cumpre cos requisitos sinalados nela e que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

h) Que a entidade conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, así como de aulas, talleres e instalacións en xeral, para asumir na súa totalidade a execución completa das accións formativas que solicita.

i) Que a entidade dispón da documentación que acredita o cumprimento dos anteriores aspectos e que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito.

j) Que, de ser o caso e de acordo co disposto no artigo 18 da presente orde, as pegadas dixitais do alumnado e persoal docente rexistradas pola propia entidade formadora se corresponden coas das persoas que din ser.

2. A presentación dunha declaración responsable que falsee ou oculte circunstancias que impidan ou limiten a concesión da subvención ou o seu pagamento, así como que alteren a puntuación obtida na baremación, terá a consideración dunha infracción moi grave nos termos do artigo 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Documentación complementaria necesaria para tramitar o procedemento .

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude, anexo VII, a seguinte documentación:

a) Ficha do curso de formación profesional para o emprego no anexo VIII de cada convocatoria.

b) De ser o caso, no anexo VIII, acreditación documental de dispor dun sistema de calidade vixente no correspondente centro de formación na data límite de presentación das solicitudes relativo á súa actividade de formación profesional para o emprego.

c) De ser o caso, xustificación documental de ter cumprido na execución das accións formativas concedidas nas convocatorias correspondentes co compromiso de inserción laboral, para os efectos do establecido no artigo 10 desta orde.

No suposto de que o 100 % do alumnado que se propuxo inserir laboralmente sexan persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial recoñecida polo organismo competente, con esta documentación xuntarase unha declaración responsable de que o 100 % das persoas inseridas sexan persoas con discapacidade.

d) Acreditación da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).

e) De ser o caso, cando as especialidades formativas que se solicitan correspondan a certificados de profesionalidade, as entidades deberán achegar no anexo VIII de cada convocatoria o compromiso da subscripción do convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluído no certificado de profesionalidade.

f) Naquelas accións formativas en que estea previsto o uso de aula virtual como medio complementario e adicional para desenvolver o proceso formativo, memoria explicativa detallada que acredite, de acordo co disposto no artigo 31.5 da presente orde, a viabilidade de impartir mediante aula virtual aqueles contidos do programa formativo que estea previsto realizar utilizando este medio.

A memoria deberá indicar expresamente que contidos se impartirán mediante aula virtual, a súa duración e datas de realización, o calendario de sesións presenciais e de exames que se van realizar, así como os medios tecnolóxicos que se utilizarán para garantir, de acordo co disposto na presente orde, o correcto desenvolvemento, seguimento e control da actividade.

g) De ser o caso, e para os efectos do disposto no artigo 10.1.9º sobre a non aplicación de penalizacións por incumprimento do compromiso de inserción laboral, solicitude de recoñecemento pola persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación de que a familia profesional a que pertence a especialidade impartida corresponde a un sector afectado negativamente pola COVID-19.

h) Xustificación documental de ter remitido ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio a que estean obrigadas segundo o establecido no artigo 223 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no caso de tratarse de entidades locais.

2. A documentación complementaria presentarase electronicamente e de acordo co disposto no artigo 4 desta orde.

Comprobación de datos .

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os correspondentes documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Trámites posteriores á presentación da solicitude e documentación complementaria .

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban efectuar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación informática SIFO, e deberá adecuarse a presentación de documentación derivada das notificacións practicadas pola Administración ao disposto no artigo 13.6 da presente orde.

Ler máis Ler menos

Resolución

Prazo de resolución:

Tres meses

Sentido do silencio:

Negativo